

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e denegada nas bolsas de formación en centros de investigación dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da resolución reitoral do 27 de xuño de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria de *bolsas de formación en centros universitarios dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025*, unha vez rematado o proceso de selección e segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Publicar a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e denegada** (anexo I).
O estudantado con bolsa concedida deberá enviar a sección de bolsas (bolsasformacion@uvigo.gal) no prazo de tres días dende a publicación desta resolución definitiva, a seguinte documentación para os efectos da alta na Seguridade Social:
 - Modelo TA2 (Seguridade Social)

No caso de non presentar a documentación necesaria entenderase que renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que lle indique a persoa titora mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

2. De acordo co establecido no punto 10 da convocatoria son obrigas das persoas bolseiras:
 - 1) Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
 - 2) Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
 - 3) Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha *memoria final* das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto



ANEXO I

LISTAXES DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA, DENEGADA E LISTAXES DE AGARDA:

CITI – Analista programador – 1 bolsa

Listaxe definitiva de persoas con bolsa denegada por ter concedida outra bolsa de formación:

Apelido1	Apelido2	Nome
Quintas	Rodríguez	Tatiana María

CINBIO – Citometría de fluxo – 1 bolsa

Listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida:

Apelido1	Apelido2	Nome	Puntuación	Contía
Durán	Alonso	Iliana	6,2815	4.320 €

CIM-ECIMAT – Calidade ambiental mariña e histoloxía – 1 bolsa

Listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida:

Apelido1	Apelido2	Nome	Puntuación	Contía
Landín	Gallego	Rocío	8,2284	4.320 €

CIM-ECIMAT – Cultivos mariños – 1 bolsa

Listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida:

Apelido1	Apelido2	Nome	Puntuación	Contía
Domínguez	Romo	Sofía	5,8733	4.320 €

Importe total adxudicado: 12.960 €